



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PARA O
DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN
EUROPEA PARA A XUVENTUDE GALEGA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Europa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, e dada a súa finalidade, poderán subvencionarse con cargo ao mesmo actividades e funcionamento da oficina desde o 1 de xaneiro do 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e maila Fundación Galicia Europa para a realización das actividades de información, documentación e asesoramento á xuventude galega, que demandan información sobre Europa. Ditas actividades levaranse a cabo en coordinación co Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, unidade adscrita á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado encargada do desenvolvemento e coordinación das actividades de información en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Galicia Europa é unha fundación pública creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, tendo entre os seus obxectivos, contribuír á formación europea dos/as mozos/as galegos/as e difundir información de interese para a sociedade galega sobre a Unión Europea e as súas actividades. Para isto conta cunha oficina en Santiago de Compostela, centro idóneo para a difusión dos programas comunitarios de interese para a mocidade. En base a isto, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3ª planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 48 64



establécese a subvención que recolle o convenio que nos ocupa con carácter nominativo, polo que non é posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 01 de abril de 2016.

